

CONVENIO COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E A CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECÓNÓMICO E TURISMO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A PROMOCION E CELEBRACION DE ACCIÓNS DO PROGRAMA “COMPOSTELA MÓVESE 2018” EN GAIAS CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela a 12 de xuño de 2018

Dunha parte a FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G-15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante o notario do Ilustre Colexio de don, con número de Protocolo. A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73.

Está representada neste acto por na súa condición de , conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data do, segundo poder escriturado ante o notario do Ilustre Colexio de don, co seu número de Protocolo .

E doutra parte, CONCELLARÍA DE IGUALDADE, DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E TURISMO con domicilio social na Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro (15705) de Santiago de Compostela e provista do Número de Identificación Fiscal P1507900G.

Está representada neste acto por , na súa condición de , en virtude de Decreto de (Publicado no BOP de A Coruña).

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente convenio de Colaboración (o “Convenio”), e ao efecto

EXPOÑEN

Primeiro- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, a FUNDACION) foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de , , co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación constitúe o seu obxecto social “a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”.

Segundo- Que para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

g) As que impulsen o Emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a FUNDACION leva a cabo todo tipo de accións de fomento e promoción do Emprendemento cultural en toda a súa extensión e en todas as súas disciplinas, incluído a promoción económica e o impulso do emprendemento empresarial e tecnolóxico.

Igualmente, segundo o previsto no artigo 7 dos Estatutos, realiza actuacións na procura da interrelación con axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas (con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada), así como todas aquelas axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión e de formación no ámbito da innovación na xestión cultural, para contribuir á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

Terceiro.- Que a Concellaría de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo do Concello de Santiago de Compostela (en diante a CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO) está a levar a cabo políticas de apoio e promoción de proxectos de autoemprego prestando asesoramento informativo e xurídico, axudas económicas ás iniciativas xuvenís de creación de emprego e potenciando os viveiros de empresas os plans de promoción do emprego e programas de formación ocupacional e continua.

Cuarto.- Que a CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO pon en marcha o programa “Compostela Móvese 2018”, que integra todas as accións da Oficina de Promoción Económica relacionadas co apoio a cultura emprendedora, á creación de novas empresas e á mellora da competitividade do tecido económico local.

O Compostela Móvese ten como principal obxectivo apoiar un modelo de desenvolvemento económico local endógeno, cooperativo e asentado na identidade e na historia do territorio no que se produce. Buscase asentar os procesos de mellora empresarial e emprendemento nos valores diferenciais do tecido socioeconómico do concello de Santiago contribuíndo con cada iniciativa a conquistar os obxectivos deseñados e dar cumprimento aos obxectivos enumerados a continuación:

- Impulsar un modelo económico para a Gran Compostela que tire proveito das fortalezas da cidade: capitalidade, proxección internacional, Universidade, cultura e patrimonio e cumpra os criterios de sustentabilidade do territorio.
- Reconducir un modelo económico baseado na recepción de turismo de masas estacional noutro que fomenta o turismo cultural e urbano, que faga de Compostela a

estación base para coñecer Galicia, do mesmo xeito que o Camiño é a mellor forma de achegarse e adentrarse na realidade galega.

- Alterar a visión dunha economía baseada en polígonos industriais noutra máis sostible e integradora, descentralizada, onde os novos emprendedores e as empresas de servizos en xeral vivan e convivan no tecido urbano.
- Limitar a creación de solo industrial ligándoa á demanda real, impedindo a especulación construtiva e sobre o solo. Centrar a promoción do desenvolvemento industrial en Compostela nos sectores da Biotecnoloxía e Ciencias da Saúde e transformación da madeira.
- Outorgar máis peso no modelo económico aos sectores produtivos, recuperando aqueles do ámbito primario e manufactureiro que hoxe corren o perigo de desaparecer.
- Manter a estreita colaboración aberto coa Universidade de Santiago de Compostela, un dos elementos definidores da cidade e motor de coñecemento. Continuar apoiando o I+D+i, as empresas tecnolóxicas e as spin-off universitarias.
- Explorar e impulsar os novos nichos de emprego, en especial nos sectores creativos, que son os que teñen actualmente maior capacidade de dinamizar a cidade e aumentar o seu atractivo residencial e comercial

Con data de 16 de xaneiro de 2017 asínase no marco deste programa o “Acordo de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), o Concello de Santiago de Compostela, A Universidade de Santiago de Compostela, a Asociación Área Empresarial do Tambre e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela para a reindustrialización empresarial e a promoción do asentamento de empresas e captación de proxectos de investimento”. Este acordo permite mellorar a coordinación entre os principais axentes do tecido económico que operan no Concello de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dos obxectivos recollidos no propio acordo que permiten desenvolver os xa enunciados para o programa Compostela Móvese na súa creación no ano 2015, entre eles o da propia coordinación de axentes

Cuarto.- Que a FUNDACIÓN e a CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO están interesados na colaboración mutua na promoción de actividades conxuntas que complementen as actuacións levadas a cabo pola Fundación no CEM (Centro de Emprendemento Creativo de Galicia) para a promoción da cultura emprendedora e á contribución ao crecemento económico e creación de emprego, polo que as partes acordan a sinatura do presente acordo, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Polo presente convenio, a FUNDACIÓN e CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO acordan establecer as bases de colaboración entre ambas institucións, para a programación de actividades conxuntas a celebrar en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia.

A CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO celebrará parte das accións do Compostela Móvese 2018, entre cuxas actividades se enmarcan a Maker Faire Galicia 2018 e

outras accións de promoción do emprendemento e mellora empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas preferentemente nas instalacións do edificio Centro de Emprendemento Creativo de Galicia (CEM), ou de non ser posible a realización dos encontros no CEM debido ao calendario de actividades deste edificio ou á adecuación das instalacións á programación prevista para a realización destes encontros, nun espazo axeitado na Cidade da Cultura de Galicia para dar cabida aos mesmos.

Estas actividades buscan incrementar a inqueda pola innovación, o emprendemento e xerar un punto de contactos entres persoas emprendedoras e empresariado para a transmisión do coñecemento entre as diferentes xeracións. A que será a cuarta edición da maker Faire en Galicia celebrárase os días 23, 24 e 25 de novembro de 2018. O Concello de Santiago colabora con este evento dende a primeira edición a través do apoio na xestión do emprazamento de celebración e o patrocinio das accións. O primeiro dos días está reservado para profesionais. Durante os días da feira o mundo maker presenta os seus proxectos a través dos diferentes formatos programados: postos, exhibicións, charlas, mesas redondas, obradoiros, espectáculos, exposicións... Tamén están presentes no evento os novos espazos de encontro e traballo como Hackerspaces, Fablabs, Makerspaces e Techshops nos que se fabrican as últimas vangardas tecnolóxicas e que favorecen a transferencia de coñecemento; os novos traballos (Emprendemento dunha startup de hardware, fabricación ou distribución de impresoras 3D, educación, pilotaxe de drons e moitos máis) e tamén as novas ferramentas educativas que funcionan con todas as idades e que son accesibles ao gran público a través da feira.

Estímase para esta actividade e tendo en conta o volume de participación nas actividades programadas no ano 2017, un volume de 10.000 persoas beneficiarias.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN.

Á FUNDACIÓN correspóndelle:

- a) A cesión temporal a título gratuito (vinculada ao calendario de actividades previsto para o programa") de espazo adecuado no Centro de Emprendemento Creativo de Galicia (CEM) con carácter preferente, ou de non ser posible a realización no CEM debido ao calendario de actividades deste edificio ou á adecuación das instalacións á programación prevista para a realización destes encontros, nun espazo axeitado na Cidade da Cultura de Galicia para dar cabida aos mesmos
- b) Colaborar coa CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO na organización da Feira, conforme as seguintes directrices;
 - Idoneidade do Espazo.
 - Estar presente, como colaboradora da CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, en todas as campañas de comunicación a realizar por esta última, así como en todos os soportes on e off line a realizar.
 - Coordinación coa campaña de comunicación deseñada por CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO
 - Mención da colaboración do CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO na promoción, difusión, información e comunicacións pública



que se xere en virtude de actividades a realizar segundo o obxecto do presente convenio. En concreto, dita colaboración formalizarase en materiais e comunicación escrita, así como en redes sociais e en notas de prensa e reportaxes que se derive desta actividade no marco do proxecto en que estea incluída.

- c) Atendendo ás posibilidades do momento, e previa proposta por calquera das partes, execución doutras accións que favorezan a promoción conxunta ante a sociedade.
- d) A organización e a xestión en xeral do conxunto das edificacións, centros e infraestruturas de todo o complexo, en canto titular da Cidade da Cultura de Galicia e a coordinación das actividades comúns desenvolvidas polos centros ou entidades ubicadas nela.
- e) O mantemento das instalacións, agás no caso do equipamento propio da CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos.
- f) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC, incluíndo o edificio CEM ou instalacións da CDC nas que se realizarán actividades obxecto do presente convenio.
- g) A promoción, programación, xestión e explotación das actividades culturais a desenvolver en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia.
- h) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- i) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- j) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por outros centros, entidades ou persoas, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.
- k) Deseño e autorización da sinalética no edificio onde se realizará o programa e no exterior, dentro do complexo da CdC, para informar da ubicación do espazo onde se celebre o mesmo.
- l) Contar polo menos cun responsable técnico da CdC os días que se celebre o evento así como persoal de mantemento. Este persoal estará tamén á disposición da organización durante a montaxe e a desmontaxe
- m) Poñer á disposición da organización a megafonía do espazo onde se celebre a Maker Faire 2018 para o seu uso durante o evento.

Á CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO correspóndelle:

1. Realización de parte das accións do Compostela Móvese 2018, entre cuxas actividades se enmarcan a Maker Faire Galicia 2018 e outras accións de promoción do emprendemento e mellora empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia, segundo o indicado no obxecto do presente convenio, e en concreto programarán as seguintes actividades en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia;

- Celebración da Maker Faire Galicia, patrocinada polo Concello de Santiago e prevista para o mes de novembro de 2018 en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia.

A CONCELLARÍA DE ECONOMÍA se compromete á supervisión e control na súa calidade de patrocinador e colaborador do evento do:

- Deseño, planificación, organización e xestión dos eventos .
- Campaña de difusión, promoción e posicionamento dos eventos.
- Deseño da imaxe, newssletter dos eventos.
- Deseño de contido, memorias e briefing do/s evento/s.
- Campaña de Promoción On line e en Redes Sociais
- Estratexia de Comunicación en medios tradicionais; prensa, radio, televisión e outros medios especializados.
- Coordinación, presenza e notas de prensa cos medios de comunicación. Clipping.
- Elaboración dos soportes físicos (roller, flyers..) e dixitais, on e off line, da imaxe, contido, logotipos de patrocinadores e colaboradores.
- Accións off line e presentación pública en rolda de prensa dos eventos
- Secretaría técnica do/s evento/s.
- Coordinar a comunicación do evento coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación; para elo o Responsable do Evento informará por anticipado á Fundación das accións de comunicación e deberán remitir para aprobación da Fundación, todos os materiais de comunicación antes de ser editados, nomeando a tal efecto un representante, que coordinará co Departamento de Marketing e Comunicación da Fundación, toda clase de actos públicos de difusión e promoción do evento, tales como roldas de prensa ou actos con medios.
- Seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da CdC para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- Coordinar a comunicación do evento coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación; para elo O RESPONSABLE DO EVENTO informará por anticipado á Fundación das accións de comunicación e deberán remitir para aprobación da Fundación, todos os materiais de comunicación antes de ser editados, nomeando a tal efecto un

representante, que coordinará co Departamento de Marketing e Comunicación da Fundación, toda clase de actos públicos de difusión e promoción do evento, tales como roldas de prensa ou actos con medios.

- O RESPONSABLE DO EVENTO se compromete á convocatoria dun representante da Fundación Cidade da Cultura a roldas de prensa ou actos de comunicación pública que realice para de difusión e promoción do evento.
- Compromiso de incluír, en todo o material divulgativo e publicitario que se edite, o logotipo da Fundación Cidade da Cultura de Galicia en calidade de entidade patrocinadora do evento na máxima categoría de patrocinio
- Obtención de oportunas autorizacións por parte dos titores dos menores e resto de asistentes, para a toma e reprodución de imaxes dos participantes, a fin de ser utilizadas en calquera campaña de promoción específica ou xenérica que fose realizada pola Fundación durante os cinco anos seguintes á celebración do evento, así como na súa páxina web e redes sociais. Para este fin, a Fundación poderá contratar a profesionais que se encarguen de facer fotografías e vídeos o día do evento.
- Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación. (explicación deste punto)

2. A conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, a CONCELLARÍA DE ECONOMÍA deberá esixir ás empresas organizadoras ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento de calquera tipo, incluído o informático, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado, que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na CDC.

A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente convenio.

3. A CONCELLARÍA DE ECONOMÍA deberá esixir ás empresas organizadoras contratar o persoal que deba encargarse da recepción, secretaría técnicas, almacenaxe e vixilancia do material almacenado pertencente a terceiros durante a celebración do evento. Este persoal dependerá exclusivamente das mesmas e terán todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregadoras, sendo a FUNDACIÓN do todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente a estas empresas o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.

4. Identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión de autorización a de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da CdC.

5. Incorporarse ao Plan de Emerxencia e Evacuación do/s edificio/s.

CUARTA.- OBRIGAS COMÚNS.

A CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Visibilidade dos logotipos propios de cada institución nos materiais promocionais utilizados para a difusión das liñas de Emprendemento que cada entidade realice e considere conveniente, previa confirmación por cada parte.
- c) Difusión, promoción e publicidade dos eventos/actividades propios de cada entidade, nas redes sociais xestionadas por ambas institucións, e calquera outra canle de difusión que se considere conveniente.
- d) Programación de actividades conxuntas que repercutan obxectivamente en proxectos emprendedores.
- e) Velar polo cumprimento dos deberes que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.

QUINTA.- RESPONSABILIDADES

A Fundación Cidade da Cultura no se fai responsable do material de traballo que CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO poida manter nas instalacións.

En concreto, a Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo a ocupar, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente contrato.

De igual forma, a Fundación quedará exonerada de calquera responsabilidade que puidese resultar do exceso de ocupación por persoas do espazo cedido, que de ningún modo poderá superar a normativa en vigor nin as condicións específicas do Centro de Emprendemento Creativo de Galicia obxecto do presente contrato. As empresas organizadoras do evento serán as únicas responsables de cantos danos, tanto físicos coma materiais, poidan ocasionarse aos ocupantes e terceiros, e sexan consecuencia, directa ou indirecta, das actividades exercidas por este ou os seus dependentes e dos servizos que preste, eximindo de toda responsabilidade á Fundación.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais dependentes de CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO que vaian desenvolver as actividades previstas no acordo, ou terceiros que colaboren na realización do obxecto do convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do acordo.

SEXTA.- FINANCIAMENTO

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos correspondentes á seguridade ordinaria, limpeza ordinaria, e mantemento xeral das instalacións, subministracións de enerxía, suministro de acceso a internet a través de redes wifi, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO) ou impostos que afecten ao inmovible.

Serán por conta da CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO ademais dos gastos de persoal dependente da CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia, tales como materiais dos eventos, material de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas), os custos directos da actividade propia da CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO.

SETIMA.- MODIFICACIÓNS OU OBRAS NAS INSTALACIÓNS.

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética do espazo cedido, e as empresas organizadoras baixo a supervisión da CONCELLARÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO serán responsables de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de seguimento, formada, cando menos, por un representante por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- ☐ Impulsar e avaliar o seu cumprimento, definido as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- ☐ Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cun antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

NOVENA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista no obxecto do presente convenio, para a realización das actividades previstas nas cláusulas anteriores. En todo caso, o convenio expirará como data máxima o 31 de decembro de 2018 e non será susceptible de prórroga.

O acordo conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras

entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

DECIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.

UNDECIMA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

A información e documentación que se xere con motivo do convenio, será propiedade exclusiva da parte que a xere. Ningunha das partes poderá divulgar a devandita información sen o previo consentimento por escrito da outra parte, salvo nos casos previstos legalmente, así como cando esta sexa requirida por algún órgano e/ou institución administrativa ou xudicial de conformidade ao procedemento legalmente establecido.

A información que as partes proporcionen ou coñezan, con motivo do acordo, será considerada estritamente confidencial, polo que quedan obrigadas a non a revelar a terceiras persoas alleas ás partes. Por tal motivo, as partes tomarán as medidas necesarias para evitar a divulgación da información que por motivo ou consecuencia dos servizos obxecto do convenio manexen outras persoas, e evitando tamén que terceiras persoas alleas ás partes teñan acceso a ela.

En caso de que a información proporcionada polas partes chegase ao coñecemento de terceiras persoas alleas a estas por dolo, negligencia ou mala fe imputable a algunha das partes e/ou o seu persoal, a parte responsable deberá responder polos danos e prexuízos ocasionados á outra, sen prexuízo das responsabilidades e sancións legalmente previstas.

Co fin de dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, prohibese o acceso aos datos persoais. Así mesmo, respecto ao acceso a datos persoais que puidese producirse en virtude do presente acordo, cada entidade obrígase a gardar segredo sobre os mesmos, comprometéndose a esixir dos seus traballadores o referido sxiilo. Esta obrigación subsistirá aínda logo de finalizada a relación que une ás partes.

DUODÉCIMA.- NATUREZA DO ACORDO

O presente Convenio de Colaboración ten carácter privado e está excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo dispón o artigo 4.6 desta normativa.

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o convenio será remitido ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia para a súa publicación,



**XUNTA
DE GALICIA**

Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Edificio CINC (3º andar). Monte Gaiás
15707 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tel.: (+34) 881 997 564 Fax: (+34) 881 997 577
E-mail: ciidade.cultura@xunta.es
Web: www.cidadedacultura.org
NIF G 15721640



fundación cidade
da cultura de galicia

galicia

pero non conleva a autorización para o tratamento de datos de carácter persoal de asinantes ou terceiros.

DÉCIMO TERCEIRA.- XURISDICION

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, execución, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente acordo deberán solucionarse de mutuo acordo das partes. No caso de que non puidese ser resolto como antecede, o presente Acordo someterase á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

O que en proba de conformidade asinan por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA FUNDACIÓN

**POLA CONCELLARÍA
DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO**

DE